

BEATRIZ CAO GONZALEZ, SECRETARIA INTERVENTORA DO CONCELLO DE TOEN

CERTIFICO:

Que por Xunta de Goberno Local de 13.09.2023 se adoptou, o acordo que de seguido se transcribe na súa literalidade:

“

Proposta de Alcaldía á Xunta de Goberno Local de concesión no seu caso de:

Solicitud de subvención da Asociación Veciños San Pedro de Moreiras (Exp.564 /2023)

Dáse conta da instancia presentada por 2023-E-RE-461 04/09/2023 11:54 RESUMO Subvencións Directas ou Nominativas (SIA 2820579) TERCEIRO NIF/CIF/DIR3 NOME Representante 44454361F ROBERTO LLOVES GONZALEZ Interesado G32030355 ASOCIACION DE VECIÑOS DE SAN PEDRO DE MOREIRAS.

A dita entidade está inscrita no Rexistro municipal de Asociacións do Concello de Toén en virtude do decreto da Alcaldía .

Nas bases de execución (base 24ª, apartado 1) do orzamento do Concello de Toén do exercicio 2023 consta unha axuda con carácter nominativo para a Asociación Veciños San Pedro de Moreiras , polo importe máximo de 1000 €, biblioteca.

De acordo co disposto na Ordenanza reguladora da concesión de subvencións aprobada polo Pleno da Corporación na sesión que tivo lugar o día 18/11/2004, publicada no BOP nº 19, do 25/01/2005, a Xunta de Goberno Local, co voto favorable de todos/as os/as concelleiros/as que a integran e en uso das atribucións delegadas pola Alcaldía mediante decreto de data 16/06/2020 (BOP nº 151, do 03/07/2020), ACORDA:

PRIMEIRO-. Concederlle á Asociación Veciños San Pedro de Moreiras, unha subvención baixo a modalidade de concesión directa prevista no artigo 5.b.1 da Ordenanza reguladora de subvencións deste Concello polo importe de 1000€, cantidade recollida na base 24ª das bases de execución do orzamento municipal do exercicio 2023, con cargo á aplicación do estado de gastos segundo declaración responsable e memoria que achegaan biblioteca cos fins de servizo propio dos seus estatutos e segundo as bases de execución do orzamento municipal de Toén exercicio 2023.



SEGUNDO.- O pagamento da subvención realizarase unha vez concluída a actividade e previa a presentación da conta xustificativa do gasto realizado.

TERCEIRO.- De acordo co establecido nos artigos 75 do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 3/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; e 10 da Ordenanza reguladora da concesión de subvención do Concello de Toén; a entidade beneficiaria deberá presentar nas oficinas municipais antes do día 01/12/2023 a conta xustificativa que conterá a seguinte documentación:

- ✓ Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- ✓ Facturas orixinais ou compulsadas xustificativas do investimento da subvención na finalidade para a que foi concedida. Xustificarase o seu pagamento.
- ✓ Declaración subscrita polo beneficiario ou o seu representante relativa á inexistencia doutras subvencións ou axudas que obtiveran para a mesma finalidade ou, no seu caso, mención expresa dos outros ingresos ou axudas que financiasen a actividade, con indicación do seu importe e procedencia.
- ✓ Un exemplar do programa, cartel anunciador ou outra documentación gráfica elaborada para o desenvolvemento das actividades da entidade debendo constar neles o patrocinio do Concello de Toén.
- ✓ Acreditar atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias (Axencia Tributaria e Consellería de Facenda) e de Seguridade Social. Presentaranse as correspondentes certificacións dos ditos organismos.
- ✓ O solicitante debe ser o presidente da entidade ou no seu caso representante acreditado da mesma..

Sométese a votación resultando aprobada por unanimidade dos membros presentes

E para que conste e produza os efectos oportunos, expido a presente certificación por orde e co visto e praxe do alcalde.

(Documento asinado electronicamente na marxe)

